

Curso de conversa e pronuncia de inglés

TIPO: Cuadrimestral

DURACIÓN: 20 horas

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Obxectivos

Mellorar as competencias orais na lingua estranxeira. Curso de conversa de inglés **de nivel intermedio**.

O obxectivo final é que o alumnado adquira soltura para comunicarse nun amplo abano de situacións e poda expresarse nunha variedade ampla de temas. As clases son prácticas de comprensión e expresión oral a través da realización de exercicios e tarefas que simulan situacións comunicativas do ámbito cotiá e do profesional.

Ademais, este curso introduce ao alumnado á pronuncia do inglés. Pronunciar correctamente é esencial non só para mellorar as competencias comunicativas, se non tamén as auditivas. Coñecendo os fundamentos do inglés a través dunha variante estandarizada previamente seleccionada, o alumnado pode producir e comprender calquera produción oral nesta variante, e en calquera contexto. Pode comunicarse oralmente de forma efectiva, e mellora a súa comprensión auditiva coñecendo os procesos fonéticos e fonolóxicos que realizan os falantes nativos. Ao mesmo tempo, os falantes nativos, independentemente da súa variedade dialectal, estatus socio-económico, nivel cultural e idade, serán capaces de comprender aos alumnos que adquiren as competencias do curso nunha variedade dialectal estándar.

Como acceder

Ter coñecementos da lingua estranxeira de nivel intermedio, A2/B1.

Non é necesario realizar proba de nivel, acceso directo.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

Prezos por cuadrimestre

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 90 €

Público en xeral: 110 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.